



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 18-11-2021
Data final de exposición: 18-01-2022

O Porriño, a de de

DOÑA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA)

DECRETO.- Mediante resolución desta Alcaldía, número: 2020-1146 de data: 02/07/2020, resolveuse convocar o proceso selectivo para a urxente cobertura, en réxime de interinidade, de unha (1) praza vacante de técnico de xestión de Secretaría, polo sistema de oposición libre, ao teor do artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBE) e do artigo 23.2.a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA), cuxas Bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 151, de data 09 de agosto de 2021.

O Tribunal do proceso selectivo, na súa sesión do día 19-10-2021, de conformidade coas Bases que rexen o proceso selectivo e tendo en conta que ningún opositor obtivo un mínimo de cinco puntos, necesarios para superar o primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, cuestionario tipo test, propuxo á Alcaldía:

-Deixar deserto o proceso selectivo que ten por obxecto a cobertura en réxime de interinidade de unha praza vacante de técnico de xestión de Secretaría, encadrada na escala de administración xeral, subescala de xestión, grupo A, subgrupo A2.

Esta Alcaldía de conformidade coa proposta do Tribunal cualificador, coas bases que rexen o proceso de selección, no uso das atribucións conferidas no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 41.14 e 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e demais normativa de aplicación,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso selectivo convocado para a cobertura en réxime de interinidade de unha praza vacante de técnico de xestión de Secretaría, encadrada na escala de administración xeral, subescala de xestión, grupo A, subgrupo A2, cuxas Bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 151, de data 09 de agosto de 2021.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor os recursos seguintes:

A) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou o acto, no prazo de UN MES, a contar desde o día seguinte ao da súa

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 2)
Alcaldesa do Porriño
Data de Sinatura: 17/11/2021
HASH: e0d41493938a6ca71009894c5b0dfb



Eduardo Portela Fernández (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 17/11/2021
HASH: 3b2e50182512424e58f1dc4fed0726



DECRETO
Número: 2021-2776
Data: 17/11/2021



Cod. Validación: A9AFXHDYFSAENHJWGHWFK2XMY | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublica | Páxina 1 a 2



Concello do Porriño

publicación. (Art.123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -BOE núm. 236 de 02-10-2015-).

Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderase entender que foi desestimado e interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de SEIS MESES, a contar desde o día seguinte ao da desestimación presunta.

B) Directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución. (Arts. 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa -BOE núm. 167 de 14 de xullo de 1998-).

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

C) Poderase exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente. (Art. 40.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada á marxe.

DECRETO
Número: 2021-2776
Data: 17/11/2021



Cod. Validación: A9AFXHDYFSAENHJWGHWFK2XMY | Corrección: <https://oporriño.es/elelectronica-gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2